

Semana de loita nas TIC

Cibermovilizacións do 20 ao 22 de xuño e **PARO DE DÚAS HORAS** o xoves 23 por un convenio de consultoría xusto

CIBERMOVILIZACIONES

**POLO DESBLOQUEO DAS NEGOCIACIÓNS
DO CONVENIO DE CONSULTORIA**

LUNS 20 DE XUÑO

ATA O MÉRCORES 22 DE XUÑO



PARAMOS O SECTOR

FOLGA DE 2 HORAS

POLO TEU CONVENIO


O XOVES 23 DE XUÑO

AS 2 ÚLTIMAS HORAS DA TÚA XORNADA

Apúntaste?

VANNOS ESCOITAR

 tic@servicios.ccoo.es

 www.ccoo-servicios.es/tic/

 www.ccoo.es/Afiliate



CCOO e a UXT convocámosvos a unha semana de loita no sector:

3 días de cibermovilizacións e unha folga de 2 horas o próximo 23 de xuño, para esixir a retirada das propostas inaceptables que a Asociación de Empresas de Consultoría (AEC), patronal do sector, levou á mesa de negociación do convenio.

As cibermovilizacións están programadas para os días **20, 21 e 22 de xuño**, como paso previo necesario para que os clientes das consultoras sexan conscientes das condicións laborais que pretenden aplicarnos ás persoas que lles prestamos o servizo. Pero a situación de bloqueo actual require de algo máis, **É HORA DE PARAR!**

O próximo **23 de xuño, IMOS Á FOLGA**. Por iso, convocámosvos a unha **parada parcial de 2 horas, ao final de cada quenda de traballo**. É o momento de dicirle á patronal **XA ABONDA** de precarizar nosas condicións laborais.

NON IMOS PERMITIR XORNADAS MARATONIANAS DE 12 HORAS DIARIAS.

NON IMOS PERMITIR SALARIOS DE 14.000€.

NON IMOS PERMITIR CAMBIOS DE HORARIO AO VOSO ANTOLLO.

Queremos un convenio xusto, acorde á realidade do sector. No que se repartan proporcionalmente as inxentes cantidades de beneficios que as empresas están a obter grazas ao noso esforzo e compromiso diario.

Non o penses máis, o vindeiro xoves, **23 de xuño**, tes unha cita ineludible para poder brindar un futuro ao sector de consultoría. **NON PODES FALTAR!**

Comunicado TIC

17 de xuño de 2022



ESTA VEZ VANNOS ESCOITAR

Lembra que podes continuar contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en " Change. org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntaste?

E non esquezas dar máxima difusión en redes sociais #ConvenioTICdigno #NoPrecaryTIC

CCOO É O TEU SINDICATO AGORA MÁIS QUE NUNCA. [AFÍLIATE!](#)